



## ACREDITACIÓN DA IMPLANTACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE

### FEITOS

1.- A entidade **FUNDACIÓN MENIÑOS** con **CIF G15551120** presentou solicitude para a acreditación da implantación do plan de igualdade acompañada do texto do plan.

2.- A entidade **FUNDACIÓN MENIÑOS** realizou unha diagnose previa á elaboración do plan, estableceu uns obxectivos concretos de igualdade, as accións necesarias para a súa consecución e o calendario de execución previsto, especificando indicadores de cumprimento e prevendo a realización dunha avaliación continua.

3.- Dita organización creou unha Comisión de Igualdade que terá como obxectivo negociar e aprobar o plan de igualdade así como realizar o seguimento e a avaliación do mesmo.

4.- De acordo co establecido no artigo 11.1 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego, e no artigo 72.4 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, solicitouse informe aos sindicatos Comisións Obreiras (CCOO), Unión Xeral de Traballadores (UXT) e Confederación Intersindical Galega (CIG) e á Inspección de Traballo e Seguridade Social. Do mesmo xeito, tal como establece o artigo 72.5 do Decreto legislativo 2/2015, remitiuse o expediente á Secretaría Xeral da Igualdade, órgano superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma competente en materia de igualdade, para a emisión de informe preceptivo.

5.- Ningunha das organizacións sindicais citadas emitiu o informe, pero tendo en conta que o tempo transcorrido supera o estipulado no artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e ademais dito informe non é vinculante para a resolución do expediente, continuase coa súa tramitación.

6.- A Inspección de Traballo e Seguridade Social informa sobre as distintas actuacións levadas a cabo e o seu grao de implantación á data de elaboración do informe.

7.- A Secretaría Xeral da Igualdade informou das cuestións que consideran poderían ser mellorables neste plan de igualdade: selección de persoal e formación entre outras.

8.- A Unidade Administrativa de Igualdade, á vista da documentación contida no expediente e dos informes solicitados, considera que o plan de igualdade cumpre os requisitos básicos esixidos nos artigos 65 e 66 do Decreto legislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.





## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.- Os plans de igualdade das empresas están regulados no capítulo I do título III do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no capítulo II do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego e nos artigos 45 a 49 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

2. O Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade atribúelle á Dirección Xeral de Relacións Laborais as funcións derivadas da aplicación Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no ámbito das competencias da consellería en materia de emprego así como impulso e desenvolvemento das políticas de igualdade laboral e de medidas de conciliación corresponsable da vida persoal, familiar e laboral nas empresas.

De acordo con todo o indicado,

## RESOLVO

Emitir a presente certificación acreditativa da implantación do plan de igualdade da entidade **FUNDACIÓN MENIÑOS** con **CIF G15551120**, xa que o seu contido responde aos termos esixidos nos artigos 65 e 66 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. A vixencia do plan vai dende o 20/05/2020 ao 31/12/2023.

Contra esta decisión, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira de Emprego e Igualdade no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ó da súa notificación, de conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela

